



PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO


PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

VARIETADES DE CASTAÑA GALEGA PRIORIZADAS

PARA REVALORIZAR A PRODUCCIÓN



Fonte da imaxe: IXP Castaña de Galicia.

Existen moitas variedades galegas de castaña, pero á hora de planificar novos soutos hai oito priorizadas polo seu interese para o mercado en fresco ou para a industria

ÁNGELES RODRÍGUEZ

O futuro e rendabilidade dunha plantación de castiñeiro radica na calidade da planta. “É a ferramenta que produce as boas castañas”, di o secretario da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Castaña



de Galicia, Manuel López Vilarinho. Pero, non é o mesmo producir castañas na Terra Chá que en Valdeorras ou na comarca trivesa. De feito, unha das singularidades dos vellos soutos galegos é a comarcalización da estrutura varietal. “Aínda que algunhas variedades como a De Parede, a Rapada e a Laguesa se cultivan en varias comarcas, a maioría das variedades teñen unha distribución xeográfica de rango limitado: a De Presa atópase só na montaña lucense, a Garrida na meseta lucense, a Negral en Valdeorras, a Amarelante na Terra de Trives, as variedades Famosa, Ventura e Longal no extremo suroeste da provincia de Ourense”, segundo o estudo *Varietas para os soutos novos* (Centro de Investigación Forestal de

los novos soutos produzan lotes de castañas uniformes, de variedades adaptadas ao mercado en fresco, pero tamén aos mercados de primeira e de segunda transformación”. E isto é precisamente o que non sucede nos vellos soutos galegos, destinados inicialmente ao autoconsumo e nos que se enxertaban de tres a cinco variedades diferentes, ou incluso máis. “Esta diversidade varietal é o resultado dun proceso de domesticación, froito da interacción entre as actividades de selección e o movemento de variedades cos cruzamentos entre elas coas árbores bravas. A

merecen un programa de conservación. No entanto, a diversidade é tamén causa de que as producións de castaña non sexan, en ocasións, axeitadas como materia prima de procesos de transformación como o pelado”. A castaña galega ten unha alta calidade e unha alta demanda. De aí que un dos obxectivos da IXP Castaña de Galicia

haxa un maior beneficio para o conxunto do sector. Así xurdía hai uns anos o proxecto “Cambio da estrutura varietal dos soutos para revalorizar a produción da IXP Castaña de Galicia, FEADER 2010/2”, do Consello Regulador desta IXP e do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, co fin de mellorar o coñecemento das variedades de

Jesús Quintá, presidente da IXP Castaña de Galicia.



Pared, Xudía e Ventura son as que, en principio, máis se valoran. Hai demanda delas para despois traballar cos mercados internacionais. Temos tamén variedades cun interese máis local, pero esas oito son as máis interesantes para a industria e para a comercialización. Os produtores saben perfectamente que valen máis cartos e que están buscadas”, sinala o presidente da IXP Castaña de Galicia, Jesús Quintá. Sen embargo, matiza que, “á hora de plantar, a elección

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



Souto de nova plantación.

Amarelante, Famosa, Garrida, Longal, Negral, De Parede, Xudía e Ventura son, segundo un estudo, as variedades de mellores características tecnolóxicas e produtivas para pór en novos soutos

Lourizán, 2013), coordinado por Josefa Fernández López.

“O ideal”, asegura Manuel López Vilarinho, “é que se planten variedades adaptadas a cada zona climática, xeográfica e tamén coa orientación adecuada. Ademais hai que saber que tipo de castaña van producir para que sexa comercializada adecuadamente e que ese prezo redunde en beneficio do produtor, é dicir, que

diversidade existente nos soutos pode ser útil debido aos diferentes caracteres con valor de uso, adaptacións ou resistencias a enfermidades ou pragas, motivos polos que as variedades

sexa promover a creación de novos soutos pensados para producir cantidades importantes e lotes homoxéneos que se comercialicen por variedades e tamaños, de forma que

castaña consideradas de maior interese (tanto a nivel de calidade industrial como de consumo) para diferentes usos. “Amarelante, Famosa, Garrida, Longal, Negral, De

destas variedades dependerá, ademais, da zona onde se vaian poñer”.

Continúa na páxina seguinte

CASTAÑAS BARREDO, S.L.
castanas@galiciaencasa.com

Lambone
PASTELERÍA CONGELADA PARA PROFESIONALES
Tif.: 988 32 56 41 - Fax: 988 32 56 42
Carretera de Rubiana, Km. 3,2
lambone@galiciaencasa.com
www.lambone.com

Gestión Integral da Castaña

Assesoramento Técnico
email: soutos@alibos.com

alibòs

Protexemos o medioambiente.
Apostamos por unha economía rural sostible

21560 Monterrasa (Lugo) | Tel. +34 982 37 70 92 Fax. +34 982 37 75 80 | www.alibos.com

BRÉS, IFS, CANTANA DE GALICIA, CRAEGA, AP, BG, INN, GR, GBL



En Portada

PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

Vén da páxina anterior

Niso insiste tamén Ramiro Martínez do Viveiro O Pomariño da Capela (A Coruña). “Tan importante como a planta é a súa adaptación ás condicións do solo, humidade e temperatura da zona. Ás veces aconséllanse variedades de castiñeiro para calquera lado sen ter en conta que en Galicia hai moitos microclimas e que ademais o castiñeiro é unha especie na que non todas as variedades se adaptan ben a calquera lado, como pode pasar noutras que son máis versátiles. O recomendable é plantar nunha zona as variedades que xa ten, polo menos mentres non se demostre que outras van ben”. E engade que nos 22 anos que leva co viveiro sempre tivo demanda de planta de castiñeiro, se ben nos últimos anos viuse moi incrementada.

Variedades priorizadas

No estudo *Variedades para os soutos novos* descríbense aquelas con mellores características tecnolóxicas e produtivas para poñer nas novas plantacións como variedades principais, identifícanse os polinizadores apropiados para cada unha delas e aconséllase onde plantalas tendo en conta as diferentes condicións climáticas do territorio amparado pola IXP Castaña de Galicia. Entre esas variedades priorizadas está a Amarelante, unha castaña doce que se dá nunha altitude de entre 550 e 950 m. Cultívase de forma tradicional nas comarcas de Terra de Trives, Viana do Bolo e Valdeorras. Ten tamaño grande e mediano, cun calibre entre 55 e 90 castañas/kg e cun rachado moi baixo (<0,5%), con tabicación en menos dun 7% das castañas. A súa conservación é

boa e caracterízase por unha produtividade elevada, de entre 10-20 kg/árbore entre os 10 e os 14 anos de idade. Cae despois do 15 de outubro, trátase, polo tanto, dunha das variedades máis tardías xunto á Famosa e á Longal. Os polinizadores aconsellados para ela son Negral e Rapada, se ben tamén é compatible con Picon e Serodia, segundo o estudo do Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Tamén de Valdeorras e Viana do Bolo é característica a Negral, con casca de moura a vermella, cun calibre de mediano a pequeno, entre 77 e 90 castañas por kg e que non presenta rachado. Poden ser poliembriónicas e a súa tabicación resulta inferior ao 13%. É de boa conservación natural e cunha produtividade elevada, entre 15 e 18 kg/árbore entre os 10 e os 14 anos. A súa colleita empeza sobre o 10 de outubro, sendo das máis temperás. É unha castaña algo doce, de pelado fácil e para a que se recomenda como polinizadores Rapada, Picon e Serodia.

Propia dos Ancares lucenses, O Courel, A Fonsagrada e as Mariñas é a castaña De Parede. Doce, de cor escura e con dificultade de pelado media, presenta un calibre pequeno, sempre máis de 110 castañas por kg e cun rachado moi baixo (por baixo do 2%) e cunha tabicación en menos do 9% das castañas. De boa conservación, ten produtividade elevada, de 10 a 30 kg/árbore entre os 10 e 14 anos. A súa colleita chega antes do 15 de outubro, é dicir, produce despois da Negral e Ventura e antes da Amarelante. Os polinizadores recomendados para a De Parede son Negral e Serodia.

Por outra banda, a Garrida é unha variedade cualificada como insípida que

O viveirista Ramiro Martínez, xunto a plantas de castiñeiro./ Cedida.



PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

CARLOS G. HERVELLA



se dá en Chantada, Taboada, Ribas de Sil e San Xoán de Río. Tamén de tono escuro, produce unha castaña de grande a mediana, con calibres entre 60 e 75 castañas/kg cun rachado moi baixo (<2%). A tabicación aparece en menos do 9% das castañas. A súa conservación natural non é moi boa e resulta sensible a insectación. Comeza a caer despois do 15 de outubro e conta con dificultade de pelado media.


De castaño vermello a escuro é a casca da Longal, que se dá en Vilarde-

Presada de castañas dun dos soutos do concello de Vilaríño de Conso.

vós, Riós e A Gudiña. Como polinizador sinalase no estudo á Negral. Postúe calibre pequeno, entre 95 e 100 castañas/kg, rachado moi baixo ou baixo (de menos do 10%) e unha tabicación inferior ao 3%, así como dificultade de pelado media. A súa conservación natural é moi boa, se ben ten produtividade baixa nas condicións de clima atlántico suave nas que se estudou, cuns 3 a 4 kg/árbore. Vén a finais de outubro, sendo a máis tardía das variedades.

De pelado fácil, casca de cor castaña

En Portada



PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

e produtividade media (de 5 a 14 kg/árbore entre os 10 e os 14 anos) é a Ventura, presente en zonas como A Mezquita, A Gudiña e Riós. É unha variedade de calibre pequeno, arredor das 100 castañas/kg, e cunha porcentaxe de rachado moi baixo (<2%). A súa conservación natural é media, con danos elevados por perforadores de castaña e dá unha produtividade media de 5 a 14 kg/árbore entre os 10 e os 14 anos. Como polinizadores aconséllanse Negral e Picon ou Serodia. Empeza a caer sobre mediados de outubro. A finais dese mesmo mes vén a Xudía, que aparece na Gudiña, Vilardevós e A Mezquita, introducida de Trassos-Montes. Postúe tamaño mediano con calibre arredor das 75 castañas/kg e non dá rachado, segundo o estudo. A tabicación está presente en menos do 7% das castañas e como polinizadores suxírense Negral e Rapada.

Da Gudiña, Riós e Vilardevós é tamén propia a Famosa, doce, con dificultade de pelado media, de casca castaña clara, calibre mediano (70-85 castañas kg/), rachado do 6-10% e cunha tabicación de menos do 2%. Ten mala conservación natural e unha produtividade media de 10 a 15 kg/árbore entre os 10 e 14 anos. Chega tras o 20 de outubro.

Este traballo tamén recomenda plantar as variedades en zonas de clima similar ao do uso tradicional, é dicir, “as de brotación tardía (Famosa, Garrida, Amarelante e Longal) en sitios con invernos longos e fríos, as de brotación máis temperás (Ventura, De Parede, Negral, Rapada e Picon) en sitios de invernos algo máis curtos e sen xeas tardías de primavera”. O estudo lembra que deben terse en conta “as esixencias mínimas do



Juan Fernández, presidente de Proagrosilga.

castiñeiro na calidade dos solos (evitar solos anegados e/ou esqueléticos) e do clima (evitar zonas moi venteadas e exposicións ao sur)”.

ción da planta. Antes de dar ese paso recoméndase buscar asesoramento non só en viveiros, senón nas empresas que comercializan

silvestres de Galicia (Proagrosilga) e representante na Mesa Europea do Castiñeiro. Por iso pide que se prohiba a venda de híbridos en vi-

veiros entendan que deben fidelizar ao cliente preguntándolle como vai o seu souto, facer un seguimento da planta dentro da área de produ-

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



Castañas da variedade Negral.

As novas plantacións

Nos últimos anos estanse a realizar en Galicia novas plantacións de castiñeiro dimensionadas, cuns criterios de planificación de souto para recoller por separado e cuns marcos xa máis axeitados á produción de froito. Pero a cuestión determinante é a elec-

castaña para saber que variedades demandan e cales teñen mellor prezo. E, logo, comprobar cales desas variedades se adaptan á zona concreta onde se van plantar por altitude, clima e orientación.

“Neste ano pola praga da avespiña imos ter unha falta de produción dun 50%, é dicir, necesitamos cantidade en todas as variedades. A partir de aí, hai moitas autóctonas de calidade e outras que non o son tanto, ademais levamos tempo insistindo en que os produtores non planten híbridos porque non valen nin para fresco nin para a industria”, afirma Juan Fernández, presidente de Asociación de Produtores e Exportadores de Produtos Agro-

veiros e que se potencien as variedades demandadas polo sector. “Se queremos salvar e potenciar o que temos e intentar desenvolver unhas plantacións novas e modernas en Galicia, como está pasando en todas partes, debemos facelas con variedades que o consumidor queira”.

Xunto coa escolla da variedade, a calidade da planta é esencial. “Estase facendo tamén un fincapé grande en que necesitamos planta de calidade. Á hora de mercala hai que ir sempre a viveiros cun rexistro e nos que a planta saia saneada, cun compromiso de viabilidade de cara ao que son as futuras producións. É importantísimo que os vi-

ción, como se adapta á zona, como se adaptan os patróns e as variedades nos anos posteriores, dese xeito aprenderíamos e melloraríamos todos”, subliña o secretario da IXP Castaña de Galicia, Manuel López Vilaríño.

Entre as variedades máis demandadas actualmente polos produtores están “a Xudía e a De Parede, tamén a Negral como polinizadora e, dependendo dos anos, a Longal, a Famosa e a Amarelante”, di o viveirista Ramiro Martínez, que cre que, en moitos casos, se necesitaría mellorar a formación dos produ-

Continúa na páxina seguinte



Castañas Moral

Polígono Industrial A Raña,
Parcela 217 calle 6
32300 O Barco de Valdeorras (Ourense)
E-mail: cmoralcorzo@gmail.com
Telf. 638 152 152 - 988 326 320





CASTAÑAS RAFAEL, S.L.

Avda. del Bierzo, 38 · 32300 · O BARCO · Ourense · España

Almacén:
Parque Empresarial de Rubiá. Parcelas 17, 18, 19, 20.
Ctra. N-120 - km 447,800
32310 RUBIÁ · Ourense · España
Teléfono: 988 295 060 · Fax: 988 324 388 · Teléfono/Fax: 988 320 331
E-mail: castarafaell@yahoo.es

En Portada

PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

PLANTANDO SOUTOS PARA O FUTURO

Vén da páxina anterior

res sobre este cultivo. “Hai persoas que xa che preguntan por determinadas variedades, pero eu observo que hai casos nos que veñen mal aconsellados e explícolles que esas variedades non van ben para a zona na que a van plantar”.

Ese tipo de criterios tñaos moi en conta Francisco Domínguez cando realizaba a súa plantación hai xa case catro anos en Trives, contando con Xudía, entre outras variedades. “Penso que é unha boa clase para esa zona. No das variedades tes que mirar a altura, que lles inflúe bastante, e a zona na que as vas plantar. Outra cuestión a sopesar é se que queres que as castañas che veñan moi cedo. Hai xente que opta, como no meu caso, polas de cedo, que son as que primeiro se venden e véndense ben, pero, sabendo tamén que se en agosto non chove, quédanse máis frouxas e resultan mellores as de tarde. Claro, isto non o sabes ata que pasa o ano”.

O resultado deses novos soutos en canto a produción non chega de forma inmediata. “Plantouse moito hai 5, 6 ou 7 anos, pero esas novas plantacións aínda non están producindo, irán saíndo nos próximos anos”, comenta o presidente da IXP Castaña de Galicia.

Neste senso outros territorios da península xa levan máis camiño andado. “Agás en zonas moi concretas, a gran maioría das plantacións de Portugal son modernas. Vas a Ca-

rrazedo-Montenegro e a variedade prioritaria é a *Judía*, mentres que na parte de Bragança tes Longal. Pois diso é do que se trata, que vaias a un determinado lugar e saibas que variedade de castañas vas ter. Hai 25 anos,



CEDIDA



CARLOS G. HERVELLA

cando eu empecei nas castañas, nun val de Andalucía había 2 millóns de quilos, agora prodúcense 7 millóns nel e da mesma variedade, en Guadalupe (Cáceres) non chegaban a 1 millón e hoxe teñen 3 ou 4 da mesma variedade...”, resalta o presidente de Proa-grosilga. “O *quid* da cuestión en Galicia está”, engade Juan Fernández, “en que nun

O secretario da IXP Castaña de Galicia, Manuel López Vilarinho.

mesmo saco podes ter 7 variedades, unhas rubias, outras negras, o que inflúe, por exemplo, na montaxe dos fornos de pelado, que xa non se poden regular porque ao mellor unha castaña pela mellor que outra. Todo isto baixa os rendementos e os prezos e iso é do que debe darse conta o produtor. Cando tes unha monovarietade nunha zona o prezo automaticamente sobe porque sempre vai haber un comprador que a busque. A uns gustaralles máis unha variedade que outra, por iso non se pode plantar en todos os sitios o mesmo; pero ningún comprador busca unha mestura de castañas. E canto mellor sexa a castaña, mellor será o prezo”.

De esquerda a dereita, castaña da variedade Xudía dun dos castiñeiros de Francisco Domínguez en Trives e recepción de castañas nunha empresa comercializadora valdeorresa.

As variedades empregáronse en Galicia de xeito tradicional en áreas limitadas a comarcas, cunhas certas condicións de clima ás que xa están adaptadas. “No entanto, agora trátase de difundir unhas poucas variedades a zonas máis amplas”, citando o estudo *Variedades para os soutos novos*.

Polo tanto, unha boa escolla e un axeitado coñecemento e asesoramento son fundamentais antes de dar o paso de plantar. “Se non temos un bo castiñeiro non teremos boa castaña, hai que pensar sempre na vocación de permanencia, de longa duración do castiñeiro cando se planifica unha plantación”, conclúe o secretario da IXP Castaña de Galicia.

FERRETERÍA PEREIRA



C/Conde Fenosa, 8
32300 O Barco (Ourense)
Tel/Fax 988 320 781
E-mail: ferreteria-pereira@mundo-r.com

